

Premio *Fulget* 2024

Á empresa ou colectivo empresarial galego do ano

A Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da USC aprobou, na Xunta de Facultade celebrada o día 20 de marzo de 2007, a creación dun premio de periodicidade anual, para unha empresa ou colectivo empresarial galego en recoñecemento a súa colaboración en accións encamiñadas a mellorar as relacións entre a actividade académica da Facultade e a súa contorna profesional.

BASES

1. Obxectivo

Recoñecemento do labor a prol da mellora das relacións entre a actividade académica da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da USC e a súa contorna profesional.

2. Requisitos das candidaturas ao premio

Un requisito imprescindible para que unha empresa ou colectivo empresarial poida optar ao premio *Fulget* é que o seu capital sexa maioritariamente galego. Na avaliación das candidaturas terase en conta entre outras:

- a) A experiencia na colaboración coa Facultade en accións como:
 - A formación do alumnado e bolseiros/as a través de convenios de prácticas - A captación de titulados/as da Facultade.
 - A participación en actividades complementarias á docencia organizadas pola Facultade (charlas, xornadas, seminarios, cursos, etc.).
 - Calquera outra que mellore as relacións entre o mundo académico e a súa contorna profesional.
- b) A contribución no ámbito social da USC e no ámbito local e/ou galego.
- c) A aposta polo desenvolvemento sostible.
- d) A aposta pola innovación
- e) Calquera outra circunstancia que se estime oportuno

As candidaturas gañadoras de edicións anteriores deste premio non poderán ser propostas de novo ata que non transcorran cinco anos.

3. Propostas de candidaturas

As propostas para as candidaturas ao premio *Fulget* poderán ser iniciativa de calquera membro da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, isto é, alumnado, profesorado ou persoal técnico de xestión, de administración e servizos (PTXAS) de forma individual ou colectiva. As propostas entregaranse no Decanato da Facultade na ficha que figura no anexo e no prazo que figura no apartado 7.

Rematado o prazo de presentación de candidaturas faranse públicas no taboleiro do Decanato así como na páxina web da Facultade e abrirase un prazo de sete (7) días para que todos os membros da Facultade que o desexen poidan manifestar o seu apoio explícito a unha candidatura determinada.

4. Avaliación e proposta de concesión

A avaliación das candidaturas presentadas e a proposta de designación do premio entre as empresas candidatas correspóndelle á Comisión de Actividades Complementarias á Docencia (ACD) da Facultade de

Ciencias Económicas e Empresariais, que se reunirá en sesión extraordinaria cun só punto na orde do día: a avaliación das candidaturas e o fallo do premio. O premio poderá ser declarado deserto.

A candidatura proposta ao premio pola Comisión de ACD deberá ser ratificada pola Xunta de Facultade.

5. Premio

O premio *Fulget* consistirá nun diploma acreditativo e nun agasallo (placa ou figura) e na incorporación ao Comité Consultivo de Expertos Externos desta Facultade.

O premio entregarase nun acto público na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais o **9 de abril**, día no que teñen lugar os actos de celebración do patrón do centro.

6. Calendario

O calendario para a concesión do premio *Fulget 2024* é o seguinte:

- Presentación de candidaturas: ata o 6 de marzo de 2025 (ás 14 h).
- Publicación de candidaturas no taboleiro do decanato e na web da facultade: 7 de marzo de 2025.
- Presentación de apoios ás candidaturas presentadas: ata o 18 de marzo de 2025.
- Reunión da Comisión de ACD e publicación da proposta de designación do premio: data límite o 24 de marzo de 2025.

7. Aceptación das bases

As bases do premio están depositadas no Decanato da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais. Os participantes no proceso de concesión do premio, polo feito de participar considérase que aceptan ditas normas.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

Xoán Ramón Doldán García
Decano

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: XOAN RAMÓN DOLDÁN GARCÍA, NIF ***3205**, 07/02/2025 14:25:01.

CSV: 17A4-FF13-4013-BB5A